



VETERANOS ACTIVOS

BOSQUE DE COLÓN-POIO (PONTEVEDRA)

Mércores 22 de abril de 2026

Descrición do percorrido.

As secuioas do Bosque de Colón lémbrennos que o gran almirante era galego.

A nosa marcha de hoxe discorre desde este espazo, composto por 500 secuioas que o Congreso dos EE. UU. regalou ao municipio de Poio polo V Centenario do Descubrimiento (¿por que non a Xénova?), e o bosque de secuioas de Campañó. A ruta parte a 479 m de altitude e, tras visitalo, bordearemos o campo de golf de Meis ata a Rapa da Escusa, onde o ano pasado se xuntaron 140 cabalos para o seu mercado e rapa.

A partir de aquí, o camiño ascende suavemente rodeando o monte Castrove ata acadar, no km 4,7, o punto máis alto (555 m). Desde alí iniciaremos o descenso en zigzag ata o noso destino (144 m), sempre con vistas do val que orixina a “depresión meridiana”, por onde pasan a Vía XIX romana, o Camiño Portugués e a ruta do Padre Sarmiento.

Pero antes de camiñar visitaremos a **Casa Museo de Colón** en Poio para coñecer as razóns que sosteñen a súa orixe galega. Colón era galego e, tras esta xornada, a ninguén lle quedará a menor dúbida. Como aperitivo digamos o seguinte:

Colón. O seu apelido era Colón, non Colombo nin Columbus, nin farrapos de gaitas. Vese perfectamente nas Capitulacións de Santa Fé e cando outorga o seu Maiorazgo no que esixe que os seus herdeiros se apeliden así, un apelido que no século XV só existía en Pontevedra.

Italiano. Colón non falaba italiano nin ligur; nos seus documentos non hai nin un vocablo nesa lingua, pero si máis de 500 termos galego-portugueses.

Toponimia. Dos centos de lugares que bautizou Colón ningún coincide con enclaves italianos, pero si hai máis de 120 coincidencias coa xeografía galega. Coma exemplo, propoñemos buscar en Xamaica (ver Google Maps) os ríos Minho e Yallahs, o noso Xallas.

San Salvador. Este é o nome da parroquia onde se ubica a sede do municipio, San Salvador de Poio. Curiosamente, Colón ponlle o nome de San Salvador á primeira illa que descobre nas Indias, á segunda Fernandina e á terceira Isabelina (Reis Católicos). Obsérvase a orde de importancia. Por certo, a cuarta foi Santa María da Concepción, patroa de Poio.



A Galega. Naquela época era común que os navíos tivesen un nome relixioso. A carabela coñecida polo nome popular da *Niña* tiña como nome real *Santa Clara*. Pola contra, o nome común da *Santa María* era *A Galega*.

A “isola” a Galega. Case todo o mundo oíu falar da illa *A Española*, pero ninguén lembra que en 1503 Colón escribe aos Reis unha carta na que lles fala de que un dos seus barcos ten problemas na illa *A Galega*.

¿Parécevos pouco? Pois non vos preocupedes porque hai máis; na visita falaránvos da **encriptada firma** de Colón descifrada por Alfonso Philippot, do seu **escudo de armas** e as 5 áncoras, da sorprendente relación entre as biografías de **Pedro Madruga** e o noso Colón, da **Casa da Crus**, da **Basilica de Santa María**, do **18 de decembro**, etc. etc.

E ao final acabaredes preguntando por que historicamente se intentou desacreditar o que os feitos testemuñan: **Colón era galego e é imposible negalo.**

Distancia: 11,64 km. Desnivel positivo: 177 m.
Desnivel negativo: 521m. Dificultad técnica: Moderada
Saída: 9:00, coas paradas habituais



Do 30 de abril ao 3 de maio. Senderismo no Parque Natural de Redes (Asturias)

Mércores 6 de maio. Vet. Activos Ruta circular por Betanzos.

Domingo 17 de maio. Coñece e Camiña. Ruta por Baralla (Lugo).

